



## Deus-nada: un sermón do Mestre Eckhart

---

Almudena Otero Villena<sup>1</sup>

O Mestre Eckhart, frade dominico nado en 1260, é un dos representantes máis sobranceiros da mística europea, un autor que se afasta do discurso relixioso máis hexemónico. E, con todo, malia a condena da súa obra por parte da Inquisición, Eckhart exerceu unha grande influencia na mística e a filosofía posteriores, en autores como Heinrich Seuse, Johannes Tauler ou Nicolás de Cusa, mais tamén en filósofos contemporáneos como Martin Heidegger, o que amosa a actualidade (e mesmo a relevancia) que os seus escritos seguen a ter.

Eckhart, doutor en teoloxía e profesor na universidade de París, escribiu en latín, mais tamén en alemán. Nunha ou noutra lingua, hai un fío que engarza toda a súa obra: a arela de entretecer a reflexión filosófica coa experiencia espiritual. Así e todo, é na súa obra en lingua vernácula, composta en gran parte por sermóns que o mestre realizou en distintos conventos e igrexas, onde Eckhart, menos constrinxido polos esquemas ríxidos do mundo académico, amosa sen pexas a súa linguaxe máis innovadora.

Nos sermóns de Eckhart obsérvase con claridade o desexo de superar unha fronteira: de achegar a reflexión teolóxica á vida cotiá, traer a Deus ao mundo. Neles o mestre dominico semella querer ir alén da teoloxía, cuestionar esa mesma razón que afirma,

---

1 Almudena Otero Villena é traductora. Licenciada en Xornalismo e doutora en Filoloxía Alemá na Universidade de Santiago de Compostela e a Freie Universität Berlin, ten feito traballos de investigación sobre a mística feminina medieval nas universidades de Colonia e Princeton.

nun exercicio deconstrutivo no que pon de manifesto as súas contradicións, nunha simplificación do proceso reflexivo que quere chegar aos límites do pensamento e da linguaxe, aló onde se abre o baleiro: conducir a un sen-sentido para que agrome a «verdade»; acadar o linde entre a razón e a irracionalidade, ese lugar no que a linguaxe se ispe, no que a palabra se desapropia para abrir un novo eido, nun labor de renovación e recreación da linguaxe que é tamén un exercicio de repensar<sup>2</sup>. A palabra de Eckhart, co seu recurso ao paradoxo, traza así unha parábola, como un círculo baleiro, un eterno retorno que conduce ao abismo, á fronteira da vida, á morte. Ou, dito doutro xeito, fai nacer a Deus dentro dun. Palabra daquela violenta, que quere producir unha esgazadura, abrir unha fenda no interior. Palabra epifánica, que dá a luz (ou revela) a Deus. Deste xeito, aínda que o teólogo Eckhart se move nun terreo máis abstracto e menos físico que a mística contemporánea das beguinas (a de Mechthild von Magdeburg ou Hadewijck), que habita no corpo e no erótico, nas súas palabras Deus maniféstase tamén como algo que se degusta, se experimenta. Na súa fala o abstracto agroma do cotián; Deus non un concepto, senón o que está alén de todo concepto: o que non ten nome e é daquela silencio, nada.

A divindade como nada absoluto. Deus non «é». As palabras de Eckhart resoan na *Death of God Theology* dos anos sesenta, que, partindo da desaparición de Deus na cultura secular contemporánea, cuestiona o teísmo tradicional e, apoiándose na morte de Deus na cruz, reivindica o seu non-ser. Pero tamén se atopa o seu eco en Simone Weil: Deus está presente cando está ausente. Hai, en calquera caso, un lazo misterioso que vencella a morte de Deus proclamada por Nietzsche coa súa morte mística. O Deus de Eckhart é, como en Simone Weil, un Deus que se baleira de si mesmo, como evocando as verbas de Paulo aos filipenses: Deus espiuse da súa divindade (Flp 2, 7). É a expresión máxima da *gelâzenheit*, o abandono, a renuncia a calquera arela de posesión,

---

2 Cómpre lembrar aquí o interese de Heidegger no Mestre Eckhart, do que en certo sentido beben os seus xogos de creación lingüística, a súa procura dunha palabra non-metafísica.

até a súa mesma desapropiación. A morte de Deus en Eckhart é a morte da relixión como moralidade ou garante dunha orde social, dun Deus que xira arredor do eu. Pois o Deus que é nada, é tamén o espazo da morte do eu. Deste xeito, Eckhart define o territorio da identidade para acabar eliminando as súas fronteiras: «Aquí o fondo de Deus é o meu fondo, e o meu fondo é o fondo de Deus. Aquí vivo fóra do que me é propio como Deus vive fóra do que lle é propio» (sermón 5b)<sup>3</sup>.

Co emprego de conceptos como nada, desapego, abandono ou non-distinción, Eckhart sitúase preto do budismo, unha tradición filosófica que toma como alicerce o nada, a vacuidade<sup>4</sup>, ao contrario que a europea, na que Deus se identificou axiña co ser. Aquí, coma no budismo, o nada non é nihilismo, que nace do eu, nin a morte de Deus se expresa como negatividade. É precisamente neste aspecto onde reside a actualidade do mestre dominico: como resposta a un cuestionamento, á crise que se expresa no pensamento posmoderno, na súa crítica dos principios ilustrados ou da noción de progreso. Autores como Alois Haas sinalaron xa o paralelismo entre Eckhart e certas teorías lingüísticas da posmodernidade, co seu escepticismo fronte ás verdades que se expresan na linguaxe, o seu antidualismo, ou o seu fincapé na morte do suxeito, do *cogito*<sup>5</sup>. Eckhart abre así a posibilidade de enxergar un novo viero, de recuperar outra ollada que estaba xa presente no xermolo da cultura europea, aínda que logo ficase agochada. É na súa ponte entre o físico e o abstracto, o cotián e o teolóxico, onde o Eckhart premoderno aparece como un punto de confluencia, un cruce de camiños no que a posmodernidade se atopa co budismo, e ambos os dous coa tradición cristiá.

3 «*Hie ist got mîn grunt und mîn grunt gotes grunt. Hie lebe ich ûzer mînem eigen, als got lebet ûzer sînem eigen*».

4 Sobre isto: NISHITANI, K. (1999). *La religión y la nada*, Madrid: Siruela, sobre todo pp. 112-119. Tamén: UEDA, S., «La libertad y el lenguaje en el Maestro Eckhart y el zen», en: UEDA, S. (2004). *Zen y filosofía*, Barcelona: Herder, pp. 51-134.

5 HAAS, A. M. (2009), *Wind des Absoluten. Mystische Weisheit der Postmoderne?*, Freiburg i. B.: Johannes 2009 (en castelán: HAAS, A. M. (2009). *Viento de lo absoluto. ¿Existe una sabiduría mística de la postmodernidad?*, Madrid: Siruela).

Velaí o verdadeiramente espiritual (case que se podería dicir milagreiro) do Mestre Eckhart: unha actualidade que atravesa o tempo, unhas palabras que a nós, persoas do século XXI, nos seguen a abrir novas sendas cara ao divino, coma a aqueles que no século XIII escoitaban os seus sermóns. E por iso son obra dun «mestre»: non algo morto, unha especie de peza arqueolóxica que se contempla coma nun museo, senón textos que, a pesar de ser escritos hai moitos séculos, aínda nos falan.

## Sermón 2<sup>6</sup>

*Intravit Jesus in quoddam castellum et mulier quaedam, Martha nomine, excepit illum in domum suam (Lc 10, 38)*

Pronunciei primeiro unhas palabriñas en latín, que están escritas no Evanxeo e no noso idioma din así: «O noso Señor Xesús Cristo subiu a unha cidadela e foi acollido por unha doncela que era unha esposa».

Ah, prestade agora moita atención a estas palabras: é preciso que fose unha doncela a persoa que acolleu a Xesús. «Doncela» indica unha persoa que está libre de toda imaxe allea, tan libre como estaba cando aínda non era. Mirade, agora un podería preguntarse como unha persoa que naceu e se desenvolveu até acadar a vida da razón, como pode estar tan libre de toda imaxe como cando aínda non era, e, no entanto, saber moito, todo o cal son imaxes. Como pode daquela estar libre? Agora atendede á aclaración que vos vou dar. Se eu fose tan intelixente que na miña intelixencia se atopasen todas as imaxes que todos os seres humanos algunha vez concibiron e que están no mesmo Deus, se non tivese apego ao propio en relación con elas, de tal xeito que non me tivese apropiado de ningunha, nin no facer nin no deixar de facer, nin co antes nin co despois, antes ben: que me atopase neste presente intre libre e ceibe de acordo coa vontade máis querida por Deus e para cum-

---

6 Para a tradución empregouse a seguinte edición: MEISTER ECKHART (1993). *Werke I*. Edición e tradución de Niklaus Largier, Frankfurt a. M.: Deutscher Klassiker Verlag, pp. 24-37.

prila sen interrupción; entón, en verdade, eu sería doncela sen que mo impedisen todas as imaxes, tan verdadeiramente coma o era cando aínda non era.

Sigo dicindo: que o ser humano sexa doncela non o desposúe en absoluto de todas as obras que teña realizado; en relación con elas atópase virxe e ceibe, sen todo o que impide a verdade suprema, como Xesús é libre e ceibe, e virxe en si mesmo. Como din os mestres, só o que é semellante ten motivo para unirse, por iso o ser humano debe ser virxe, unha doncela que conciba o Xesús virxe.

Agora prestade atención e observade ben! Se agora o ser humano fose sempre virxe, non daría ningún froito. Para que sexa fértil é preciso que sexa esposa. Esposa é a palabra máis nobre que se lle pode atribuír á alma, e é moito máis nobre que doncela. Que o ser humano conciba a Deus nel é bo, e na capacidade de concibir é virxe. Pero é mellor que Deus sexa fértil nel; pois a fecundidade do don non é máis que a gratitude do don, e nisto o espírito é esposa na gratitude sempre procreadora, onde el volve dar a luz a Xesús no corazón paterno de Deus.

Moitos dons bos concíbense na virxindade e non se volve dalos a luz en Deus, en fecundidade esponsal e cunha louvanza agradecida. Estes dons estráganse e fican destruídos, de tal xeito que o ser humano nunca se fai nin máis benaventurado nin mellor por eles. Entón a súa virxindade non lle serve de nada, pois alén da súa virxindade el non é unha esposa por enteiro fecunda. Aí está o malo. Por iso dixen: «Xesús subiu a unha cidadela e foi acollido por unha doncela que era unha esposa». Isto ten que ser así, tal como vos mostrei.

Os esposos apenas dan máis dun froito ao ano. Pero desta volta estou a pensar noutros esposos: todos os que con apego ao propio están atados ás oracións, aos xaxúns, ás vixilias e a toda clase de exercicios e penitencias exteriores. Calquera apego ao propio en calquera obra que quite a liberdade de pórse ao servizo de Deus neste presente intre e de seguilo só a El na luz coa que El te instruiría para facer e deixar de facer, libre e novo a cada instante,

coma se non tiveses nin quixeses nin puideses outra cousa; a calquera apego ao propio u obra feita cunha intencionalidade que te prive desta sempre nova liberdade, estouno a chamar «ano», pois a túa alma non dá ningún froito mentres non teñas realizado a obra que emprendiches con apego ao propio; e non confías en Deus nin en ti mesmo mentres non levas a cabo a túa obra que concibiches con apego ao propio, doutro xeito non tes paz ningunha. Por iso non dás tampouco froito ningún se non tes realizada a túa obra. Isto considéroo un ano, e o froito é con todo pequeno, pois saíu do apego ao propio na obra, e non da liberdade. Estes chámooos esposos, pois están apegados ao propio. Eles dan pouco froito, e este é ademais pequeno, como dixer.

Unha doncela que é esposa, é ceibe e non ten ataduras nin apego ao propio, está en todo momento tan preto de Deus coma de si mesma. Dá moitos froitos e estes son grandes, nin máis nin menos que como Deus mesmo o é. Este froito e este nacemento fainos nacer esta doncela que é esposa, e todos os días dá froito cen ou mil veces, incontabelmente abofé, dando a luz e sendo fecunda desde o fondo máis nobre; mellor dito: si, desde o mesmo fondo desde o que o Pai dá a luz a súa palabra eterna, desde aló tórnase fecunda dando a luz conxuntamente. Pois Xesús, a luz e o reflexo do corazón paterno –como di San Paulo, é unha honra e un reflexo do corazón paterno, e atravesa violentamente cos seus raios o corazón paterno–, este Xesús está unido a ela e ela a el, e ela resplandece e brilla con el como un único un e como unha luz pura e clara no corazón paterno.

Varias veces dixer que hai unha forza na alma á que non atinxen nin o tempo nin a carne; abrolla do espírito e permanece no espírito e é por completo espiritual. Nesta forza Deus está tan completamente verdecendo e florecendo en toda a ledicia e en toda a honra que El é en si mesmo. Hai alí unha ledicia tan agarimosa e unha ledicia tan incomprendibelmente inmensa, que ninguén pode describila por enteiro. Pois nesta forza o Pai eterno dá a luz sen cesar o seu Fillo eterno, de tal xeito que esta forza está dando a luz conxuntamente o Fillo do Pai e a si mesma, o mesmo Fillo na forza

única do Pai. Se unha persoa tivese un reino enteiro ou todos os bens da terra e se desprendese con sinceridade deles por Deus, e se convertese nunha das persoas máis pobres que vivise nalgunres sobre a terra, e Deus lle dese entón tanto sufrimento como nunca lle dera a un ser humano, e el sufrise todo isto até a súa morte e entón Deus lle concedese por unha vez contemplar cunha ollada como El está nesta forza: a súa ledicia sería tan grande, que todo ese sufrimento e esa pobreza aínda serían demasiado pouco. Si, mesmo se Deus despois non lle concedese endexamais o reino dos ceos, el tería recibido así e todo unha recompensa ben grande por todo o sufrido; pois Deus está nesta forza como no intre eterno. Se o espírito estivese en todo momento unido a Deus nesta forza, o ser humano non podería envellecer; pois o intre no que Deus creou o primeiro ser humano, e o intre no que desaparecerá o último ser humano, e o intre no que falo, son iguais en Deus e son só un único intre. Agora mirade, esta persoa habita nunha luz con Deus, por iso non hai nela nin sufrimento nin paso do tempo, senón unha mesma eternidade. Esta persoa, en verdade, foi privada do abraio, e todas as cousas están nela dun xeito esencial. Por iso non recibe nada novo das cousas futuras nin do azar, pois habita sen interrupción nun agora. Tal maxestade divina hai nesta forza.

Hai aínda unha forza que é tamén incorpórea; abrolla do espírito e permanece no espírito e é completamente espiritual. Nesta forza está ardendo e resplandecendo Deus sen interrupción con toda a súa riqueza, con toda a súa dozura e con todo o seu gozo. Verdadeiramente hai nesta forza unha ledicia tan grande e un gozo tan grande e inconmensurábel que ninguén é quen de revelar nin expresar por completo. Volvo dicir: se houbese algunha persoa que con intelixencia e verazmente mirase por un instante o gozo e a ledicia que hai dentro, todo o que puidese sufrir e que Deus quixese facerlle sufrir, todo lle parecería pouco e abofé unha nimiedade, aínda digo máis: pareceríalle por enteiro unha ledicia e un descanso.

Se queres saber exactamente se o teu sufrimento é teu ou de Deus, debes reparar nisto: se sofres a causa de ti mesmo, sexa

como sexa isto, este sufrimento causarache dor e serache difícil de aturar. Mais se sofres por Deus e só por Deus, este sufrimento non che causará dor e tampouco che resultará difícil, pois Deus leva a carga. En verdade: se houberse unha persoa que quixese sufrir por Deus e claramente só por Deus, e sobre el caese de golpe todo o sufrimento que algunha vez sufriron todos os seres humanos e que ten o mundo enteiro no seu conxunto, isto non lle causaría dor nin tampouco lle resultaría fatigoso, pois Deus levaría a carga. Se alguén botase un quintal ao meu lombo, e despois outro o sostivese no meu lombo, tanto me daría cargar con cen coma con un, pois non me resultaría pesado e tampouco me causaría dor. En poucas palabras: todo o que o ser humano sofre por Deus e só por Deus, Deus faillo lixeiro e doce. Como dixeran ao comezo, cando comezamos o noso sermón: «Xesús subiu a unha cidadela e foi acollido por unha doncela que era unha esposa». Por que? Era preciso que ela fose unha doncela e tamén unha esposa. Acábovos de dicir que Xesús foi acollido, mais non vos dixeran que é a cidadela, e iso é do que vos vou falar agora.

Dixeran algunhas veces que hai unha forza no espírito e só ela é libre. Ás veces dixeran que é unha custodia do espírito; ás veces dixeran que é unha luz do espírito; ás veces dixeran que é unha faísca. Mais agora digo: non é nin isto nin aquilo; así e todo é un algo que está por riba disto e daquilo coma o ceo sobre a terra. Por iso chámoo agora dun xeito máis nobre do que nunca a chamei, e búrlase tanto da nobreza coma do modo, e está por riba deles. Está libre de todos os nomes e espida de toda forma, por completo libre e ceibe, como Deus é libre e ceibe nel mesmo. É tan completamente unha e simple como Deus é un e simple, de tal maneira que un non pode de ningún xeito asomarse alí. Esa mesma forza da que teño falado, na que Deus está florecendo e verdecendo con toda a súa divindade, e o espírito en Deus, nesta mesma forza está o Pai dando a luz o seu Fillo unixénito tan verdadeiramente coma nel mesmo, pois El verdadeiramente vive nesta forza, e o Espírito dá a luz co Pai o mesmo Fillo unixénito e a si mesmo como o mesmo Fillo, e é o mesmo Fillo nesta luz e é a verdade. Se desedes visto co meu corazón entenderíades ben o que digo, pois é verdade e dío a mesma verdade.



Mirade, agora prestade atención! Esta cidadela na alma da que vos falo e que teño en mente é de tal xeito unha e simple por riba de todo modo, que esta nobre forza da que falei non é digna de botar nin unha soa vez unha ollada nesta cidadela, e tampouco a outra forza da que falei, na que Deus está ardendo e resplandecendo con toda a súa riqueza e todo o seu gozo, tampouco se atreve a asomarse nunca dentro; tan autenticamente unha e simple é esta cidadela, e tan por riba de todo modo e toda forza está este único un, que nin forza nin modo nin o mesmo Deus se darán nunca asomado dentro del. Con toda certeza e tan certo coma que Deus vive! O mesmo Deus, en tanto que existe segundo o modo e a propiedade das súas persoas, non se asomará nunca nin un instante alí dentro e non se asomou nunca alí. Isto é doado de ver, pois este único un é sen modo e sen propiedade. E por iso, se Deus se asoma algunha vez dentro, custaralle todos os seus nomes divinos e toda a súa propiedade persoal; se se segue asomando dentro, terá que deixar absolutamente todo fóra. Máis ben, sendo un simple un, sen ningún modo nin propiedade, non é nin Pai, nin Fillo, nin Espírito Santo neste senso, e é porén un algo, que non é nin isto nin aquilo.

Mirade, na medida en que El é un e simple, entra neste un que eu chamo cidadela na alma, e doutro xeito non entra de ningunha maneira alí, senón que só así entra alí e está alí dentro. Nesta parte a alma é igual a Deus, e non doutro xeito. O que vos dixen é verdade; poño a verdade por testemuña perante vós, e a miña alma como prenda.

Que poidamos ser así unha cidadela na que Xesús suba e sexa acollido e fique eternamente en nós do modo que vos dixen. Amén.

**Almudena Otero Villena**  
Traductora